

TAREFA AV CONFLITO RAZÓN/FE

1. ¿Consideras que se pode demostrar lóxica ou racionalmente a existencia de deus, ou outros dogmas da fe cristiana, por exemplo, a inmortalidade da alma ou a resurrección?, ¿pensas que as crenzas relixiosas precisan do apoio da razón para ser tomadas como verdadeiras?
2. ¿Con cal dos diversos intentos de solución do conflito razón/fe por parte da filosofía medieval estarías de acordo?, ¿con cales estás en desacordo?, ¿por que motivo? Xustifica a túa resposta analizando os pros e os contras das solucións propostas, a saber, a *postura mainstream*, o averroísmo latino, a proposta de Tomás de Aquino, e finalmente, a de Ockham.
3. Pasemos aos inicios da modernidade, nos que aínda perdura a tensión entre a razón e a fe, na versión dun conflito entre a ciencia e a teoloxía. Xa sabemos que a xerarquía eclesiástica esgrimía o argumento de que o heliocentrismo era contrario ás Sagradas Escrituras, pero ¿por que outros motivos, máis profundos se cabe, pensas que a Igrexia católica rexeitaba as teses heliocéntricas de Galileo?, ¿que repercusións podía ter a extensión desta nova visión do universo para o catolicismo?